Administración de redes Cisco CCNA v7

Descrición

Este é un curso de carácter teórico e práctico, que combina formación presencial (140 horas: 68 **presenciais** e 72 en aula **virtual** síncrona-) e **teleformación** (70 horas titorizadas). O curso aborda conceptos e prácticas de redes de comunicacións, dende as aplicacións de rede aos protocolos e servizos proporcionados polas devanditas aplicacións ás capas inferiores da rede. Desenvolverase de forma progresiva, dende as tarefas básicas de networking ata os modelos moito máis complexos das redes corporativas.

O currículo do curso CCNA (CCNA v7) proporciona unha ampla cobertura, integrada e comprensiva, de conceptos de redes de comunicacións, partindo dos fundamentos e afondando en aplicacións e servizos avanzados. Ademais, facilítalles ao alumnado a adquisición de habilidades prácticas e a obtención de experiencia na configuración e administración de dispositivos de rede reais.

Obxectivos

O presente curso ten como obxectivo formar a perfís técnicos na xestión, administración e resolución de incidencias en redes de comunicacións corporativas de alcance local.

Ao longo dos tres módulos que conforman a actual versión deste currículo, o alumnado adquirirá coñecementos no deseño, construción e mantemento de redes de computadores e a súa aplicación en contornas empresariais. Así mesmo resaltar, nesta versión recentemente actualizada do curso CCNA v7, a inclusión dos métodos de implementación de QoS, a implementación de políticas de seguridade e, no contexto de tecnoloxías punteiras en redes, o tratamento da virtualización de rede e a arquitectura e xestión das SDN - redes definidas por software, para a programación de redes e a automatización de tarefas.

A superación dos módulos que compoñen o curso prepara as aspirantes para facer fronte ao exame 200-301 CCNA v7, requirido para a obtención da credencial Cisco Certified Network Associate - Certificación CCNA.

Exame de certificación incluído: 200-301 CCNA - Cisco Certified Network Associate Exam. O manual e a certificación están dispoñibles en inglés.

A posibilidade de presentarse a exame por parte do alumnado estará suxeita á superación do curso co aproveitamento esixido polo CNTG e Cisco, ademais da obtención do correspondente voucher académico que o acredite.

Dirixido a

Está especialmente recomendado para alumnado de grao medio e superior de FP do ámbito das telecomunicacións e de informática; para estudantes ou graduados de titulacións universitarias técnicas como informática, telecomunicacións, física, matemáticas ou enxeñería industrial; e tamén está altamente recomendado para traballadoras/es en activo que desexen mellorar o seu nivel de cualificación ou para aquelas que traballaron na área de redes e sistemas e non contan con acreditación.

O curso CCNA v7 non require coñecementos previos. Aínda así, recoméndanse competencias introdutorias na administración de redes e sistemas e coñecementos mínimos de inglés técnico para lograr un mellor aproveitamento e comprensión do curso.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

As/Os docentes son instrutoras/es acreditadas/os polo programa Cisco Netacad e certificadas/os nas especialidades que imparten. Teñen máis de 6 anos de experiencia nesta área.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	01/12/2026 - 15/12/2026
PROBA DE SELECCIÓN	19/12/2026 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial + virtual + teleformación
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	210 horas (70h presenciais, 70h virtuais, 70h teleformación)
DATA INICIO	11/01/2027
DATA FIN	22/03/2027
HORARIO	De luns a vernes de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí

EXAME CERTIFICACIÓN .200-301 CCNA | Implementing and Administering Cisco

MÓDULOS TRANSVERSAIS Igualdade de 10 horas

TECNOLOXÍA Cisco

PERIODO DOCENCIA 11/01/2027 - 22/03/2027

Temario

Módulo 1. ITN - Introdución ás redes

- 1. As redes na actualidade
- 2. Configuración básica de switches e dispositivos
- 3. Protocolos e modelos
- 4. Sistemas numéricos
- 5. Capa física
- 6. Capa de ligazón de datos
- 7. Conmutación Ethernet
- 8. Capa de rede
- 9. Resolución de enderezo
- 10. Configuración básica dun encamiñador
- 11. Asignación de enderezos IPv4
- 12. Asignación de enderezos IPv6
- 13. ICMP
- 14. Capa de transporte
- 15. Capa de aplicación
- 16. Fundamentos de seguridade da rede
- 17. Creación dunha rede pequena

Módulo 2. SRWE - Fundamentos de conmutación, encamiñamento e comunicacións sen fíos

- 1. Configuración básica de dispositivos
- 2. Conceptos de conmutación
- 3. VLAN
- 4. Encamiñamento entre VLAN
- 5. STP
- 6. EtherChannel
- 7. DHCPv4
- 8. Conceptos SLAAC e DHCPv6
- 9. Conceptos de FHRP
- 10. Conceptos de seguridade de LAN

- 11. Configuración de seguridade do switch
- 12. Conceptos de WLAN
- 13. Configuración de WLAN
- 14. Conceptos de encamiñamento
- 15. Camiños IP estáticos
- 16. Solución de problemas de camiños estáticos e predeterminados

Módulo 3. ENSA - Redes empresariais, seguridade e automatización

- 1. Conceptos de OSPFv2 de área única
- 2. Configuración de OSPFv2 de área única
- 3. Conceptos de seguridade da rede
- 4. Conceptos de ACL
- 5. Configuración de ACL para IPv4
- 6. NAT para IPv4
- 7. Conceptos de WAN
- 8. Conceptos de VPN e IPSec
- 9. Conceptos de QoS
- 10. Administración de redes
- 11. Deseño de rede
- 12. Resolución de problemas de rede
- 13. Virtualización da rede
- 14. Automatización da rede